



Raquel Vázquez Mourelle, Secretaria do Consello de Dirección do Servizo Galego de Saúde ao abeiro do artigo 2.2 do Decreto 43/2013, de 21 de febreiro,

## CERTIFICA

Que o Consello de Dirección do Servizo Galego de Saúde, de acordo coas competencias atribuídas polo artigo 2 do Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde adoptou, en reunión de data 15 de xuño de 2016, o seguinte acordo **sobre promoción das actividades de titoría das/os profesionais en materia de formación especializada do persoal sanitario no Sistema Sanitario Público de Galicia:**

*“O sistema formativo de residencia obriga a recibir unha formación e a prestar un traballo que permita ao especialista en formación adquirir, en unidades docentes acreditadas, as competencias profesionais propias da especialidade que estea cursando, mediante unha práctica profesional programada e supervisada destinada a acadar os coñecementos, habilidades, actitudes e a responsabilidade profesional necesarios para o exercizo autónomo e eficiente da especialidade.*

*A figura do titor ten a misión de planificar e colaborar activamente na aprendizaxe dos coñecementos, habilidades e actitudes do/a residente a fin de garantir o cumprimento do programa formativo da especialidade; xestionar, supervisar e avaliar todo o proceso de formación.*

*Neste marco, esta Administración detectou a necesidade de fomentar as titorías da formación de residentes do Servizo Galego de Saúde, coincidindo con propostas formuladas polo Consello Asesor do Sistema Público de Galicia, e con Grupos de Traballo específicos constituídos para a análise de medidas de mellora en atención primaria.*

*Polos motivos anteriormente expostos e coa finalidade de potenciar as actividades de titoría das/dos profesionais en materia de formación especializada do persoal sanitario do Sistema Sanitario Público de Galicia, o Consello de Dirección do Servizo Galego de Saúde entende a necesidade dun compromiso específico desta acción titorial que motiva que na súa reunión de data do 15 de xuño de 2016 acorde o seguinte:*

**1.- Impulsar nos procesos de mobilidade voluntaria do persoal estatutario sanitario a implicación das/os profesionais no exercicio de titorías do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde.**

*A tal efecto, adoptaranse as medidas pertinentes para que as convocatorias dos concursos de traslado para a provisión de prazas básicas de persoal sanitario do organismo poidan prever un compromiso de exercicio da titoría de persoal residente en formación da correspondente especialidade como requisito para acceder a determinadas prazas.*

*Así mesmo, promoverase en tales procedementos de mobilidade voluntaria a valoración nos baremos do exercicio polas/os aspirantes de titorías do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde.*



**2.- Garantir aos titores e titoras que poidan dispoñer, para o exercicio das súas funcións, dunha dedicación específica dentro do seu tempo de traballo, así como de apoio en tarefas de carácter administrativo.**

*En consecuencia, cada Estrutura Organizativa de Xestión Integrada, consideradas as características do servizo, a actividade asistencial, e o número de residentes ao seu cargo, concretará co responsable do correspondente servizo, e oída a comisión de docencia, o **número de horas mensuais/residente** que o respectivo profesional adicará, dentro da súa xornada de traballo, ao exercicio das actividades de titoría, sen que tal número poida exceder de dúas horas mensuais por residente.*

*Así mesmo, as Xerencias facilitarán as **tarefas de carácter administrativo** que requiran as labores de docencia dos profesionais que exerzan actividades de titoría no Servizo Galego de Saúde.”.*

É para que conste expídese o presente certificado

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2016.

A secretaria

Raquel Vázquez Mourelle

Vº e Prace

O Vicepresidente

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

